

CURSO

# A XESTION DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS. UNHA PROPOSTA DESDE O TRABALLO SOCIAL

FORMACIÓN DIRIXIDA PRIORITARIAMENTE A T.SOCIAIS COLEXIADOS/AS EN ACTIVO DE SS.SS COMUNITARIOS

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	4
5) Persoas destinatarias.....	5
6) Calendario .....	6
7) Metodoloxía.....	6
8) Avaliación .....	6
9) Inscripción.....	7
10) Docencia .....	7

## 1. RESUMO DO CURSO



50 horas



Plataforma de teleformación +  
sesións virtuais + sesión presencial



Do 16 de maio ao 23 de xuño 2022



De balde.

## 2. FUNDAMENTACIÓN

Entre as funcións dos SS.SS comunitarios básicos -recollidas no *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*- figuran, entre outras, a elaboración de **plans de intervención comunitarios** así coma a **detección e análise de necesidades e demandas**.

Nesta liña, a necesidade de ampliar a formación das e dos profesionais de SS. SS Comunitarios no relativo á planificación, programación e á mellora de ferramentas de xestión non é nova.

Seguindo o artigo denominado *Organización dos servizos sociais municipais nas comunidades autónomas: cinco estudos de caso* publicado no número 63 da revista Zerbitzuan (2017), (...) "malia que a dimensión de xestión pública dos servizos sociais avanzou nos últimos anos, aínda necesita outro impulso en ámbitos como a planificación e a avaliación, máis aló da necesidade evidenciada de mellorar as ferramentas de xestión.

Tamén se pon de manifesto a necesidade traballar a partir de indicadores de proceso e de impacto, que permitan á súa vez valorar a **eficacia e a eficiencia** destes servizos, así como ferramentas útiles de valoración e diagnóstico, que permitan obxectivar as necesidades das persoas atendidas e **planificar adecuadamente** a intervención requirida.”

Este mesmo artigo apunta, ademáis, como liñas de mellora prioritarias para administracións, institucións académicas e organizacións profesionais, aspectos básicos da intervención social, tales coma a capacidade diagnóstica, o deseño de actuacións e prestacións significativas, pola repercusión que teñen na calidade de vida da cidadanía, así coma a importancia de medir e avaliar o impacto producido na comunidade.

O contexto social e económico actual foi mudando notablemente, de xeito que as e os profesionais de SS.SS Comunitarios vense na obriga de dispor de coñecementos e ferramentas de planificación e programación que lles permitan dar resposta a esa evolución.

### 3. OBXECTIVOS

- Levar ás persoas participantes a unha reflexión conxunta sobre a evolución e o camiño percorrido polos SS.SS Comunitarios.
- Coñecer outros modelos e experiencias diferentes que poden servir de inspiración, desde a perspectiva dun modelo socioeconómico global máis sostible.
- Trasladar propostas de intervención, organización e xestión en SS.SS Comunitarios que demanda a sociedade, necesarias para reencontrarse co propósito da profesión.
- Desenvolver habilidades directivas aplicadas á xestión nos equipos de SS.SS Comunitarios.

## 4. CONTIDOS FORMATIVOS

### **Módulo 1. Os SS.SS Comunitarios: Entre o perímetro e o propósito.**

- Análise da evolución dos servizos sociais comunitarios: lexislación, organización, financiación, profesionais, programas... e do papel xogado polo traballo social.
- Cambios producidos na sociedade e na contorna.
- Papel actual dos Servizos Sociais Comunitarios
- Unha lei marco nacional? Reflexións acerca do perímetro.
- A visión, a misión e os valores.

### **Módulo 2. Propostas inspiradoras para o deseño dos SS.SS Comunitarios.**

- Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- Economía Donut (Kate Raworth).
- Radical Help (Hillary Cottam – Participle).

### **Módulo 3. Reformular a intervención dos SS.SS Comunitarios**

- Intervención individual.
- Intervención grupal.
- Intervención comunitaria.
- A identidade profesional e o papel do T. Social nos equipos comunitarios.
- Deseño e planificación de programas de intervención.

### **Módulo 4. Ideas para a xestión económica nos SS.SS Comunitarios**

- Orzamentos.
- Contratos.
- Proveedores.
- Outras áreas implicadas.

## Módulo 5. Innovación, calidade e impacto dos SS.SS Comunitarios

- Procesos de Innovación Social.
- Tecnoloxía.
- Ética.
- A supervisión e o coidado profesional.
- Avaliación do impacto. Que medimos?
- Divulgación e difusión.

## Módulo 6. Planificación e Xestión de Recursos Humanos

- O proceso de planificación de recursos humanos e o ciclo de vida do empregado.
- A previsión de recursos humanos.
- A captación de talento.
- A xestión do talento.

## Módulo 7. Habilidades directivas, liderado e condución de equipos

- Motivación.
- Comunicación.
- Negociación.
- Modelo de liderado participativo.

**Master-class. Liderado e acceso a postos de Dirección en SS.SS Comunitarios desde a perspectiva de xénero e da profesión. Experiencia das Xefaturas de Servizo de Traballo social no sistema sanitario en Galicia.**

## 5. PERSOAS DESTINATARIAS

Formación dirixida, prioritariamente, a **traballadores/as sociais colexiados/as no COTSG en activo** que desenvolvan a súa labor **nos SS.SS Comunitarios**, en virtude do acordo de colaboración establecido coa Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia. De haber prazas libres, poderá participar calquera outro/a profesional de T.Social colexiado/a.

## 6. CALENDARIO

Do 16 de maio ao 23 de xuño de 2022.

Contará con 4 sesións virtuais/presenciais que se celebrarán nas datas que se recollen de seguido. A sesión presencial terá lugar en Santiago de Compostela.

SESIÓN	DATA	HORARIO	MODALIDADE
Sesión 1	25/05/2022	16:30-18:30	Videoconferencia
Sesión 2	09/06/2022	16:30-20:30	Presencial
Sesión 3	16/06/2022	16:30-19:30	Videoconferencia
Sesión 4	23/06/2022	17:00-20:00	Videoconferencia

## 7. METODOLOXÍA

A formación desenvolvese en modalidade online, a través da **plataforma de teleformación** do COTSG, combinando as **sesións en directo a través de videoconferencia** coa posta a disposición do alumnado dos materiais e recursos educativos complementarios.

Ademáis das lecturas e vídeos, parte dos contidos propostos serán traballos prácticos nos que as persoas participantes trasladarán as súas opinións, reflexións e propostas.

Adicionalmente, celebrarase **unha sesión presencial**.

## 8. AVALIACIÓN

Para poder acreditar mediante certificado a superación de la acción formativa, será precisa a **realización das tarefas e/ou test** propostos pola docencia, así coma a participación no **75% das sesións online e presencial**.

## 9. INSCRIPCIÓN

A inscrición realizarase a través deste [formulario](#), achegando ademáis a **Vida Laboral actualizada** a [info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal) indicando no asunto Formación\_XESTIÓN COMUNITARIOS.

**Data límite de inscrición: 5 de maio** ata as **12:00 AM**.

Prazas limitadas. A admisión na acción formativa realizarase por orde de inscrición.

## 10. DOCENCIA

### Ignacio Crespo

Traballador Social con máis de 25 anos de experiencia en SS.SS Comunitarios. Conta cun posgraao de Experto en Xerencia de Servizos Sociais así coma en Sustentabilidade e Innovación Social.

### Luz Campello

Traballadora Social. Xefa de servizo de Traballo Social da área sanitaria de A Coruña. Delegada da Asociación Española de Trabajo Social y Salud (AETSYS) en Galicia.

### Pablo López

Licenciado en CC. Económicas e Empresariais pola UDC. Executive Master en Dirección e Administración de Empresas pola Universidade Pontificia de Comillas ICADE-ICAI. Certificado en coaching individual e de equipos coa International Coach Community. Facilitador Certificado Metodoloxía LEGO® SERIOUS PLAY®. Durante máis de 10 anos creou e xestionou un grupo de empresas de consultoría con máis de 90 persoas. Actualmente exerce como coach executivo en procesos individuais de directivos e mandos intermedios. Facilita procesos de cambio empresariais e mellora de equipos, baseado na metodoloxía do coaching. É formador de habilidades directivas e intelixencia emocional.



# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)

Entidade financiadora:

